XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE GARANTÍAS DE PRESTACIÓNS SANITARIAS.

I. Legalidade.

1) Marco Normativo.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade estableceu como unha das principais características do Sistema Nacional de Saúde o recoñecemento dos dereitos e a existencia de deberes polo usuarios.

Así o artigo 6.1 da citada Lei establece no seu parágrafo 4 que as actuacións das Administracións públicas sanitarias estarán orientadas a garantizar a asistencia sanitarias en todos os casos de perda da saúde. Polo súa parte o artigo 9 establece que os poderes públicos deberán informar aos usuarios dos servizos do sistema sanitario público, ou vinculados a él, dos seus dereitos e deberes.

O artigo 10 do mesmo texto legal establece, por primeira vez, de forma sistematizada unha relación de dereitos dos usuarios, entre os que se pode citar, o de información sobre os servizos sanitarios aos que pode acceder e os requisitos necesarios para o seu uso. Así mesmo pode citarse o dereito a elixir o médico e os demais profesionais titulados de acordo coa normativa que o regule.

A Lei 16/2003, do 28 de marzo, de coherencia e calidade do Sistema Nacional de Saúde recoñece no seu artigo 4 dos dereitos novos para a cidadanía, como son o de dispor dunha segunda opinión facultativo sobre o seu proceso, e o de recibir asistencia sanitaria na súa comunidade autónoma de residencia nun tempo máximo.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542726
www.sergas.es

galicia

Así mesmo a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, introduce no artigo 11 o dereito das persoas maiores de idade de outorgar o documento de instrucións previas, mediante o que manifestan, anticipadamente, a súa vontade para o momento no que non poden realizalo persoalmente.

No marco normativo galego, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia é a norma xeral de ordenación sanitaria de Galicia, sinalando no seu artigo 5 que os titulares do dereito á protección da saúde e á asistencia sanitaria gozarán dos dereitos sanitarios que se recollen no capítulo II do texto legal.

Así no artigo 8 establécense os dereitos relacionados coa autonomía da decisión, recoñecéndose aos usuarios o dereitos de outorgar o consentimento por substitución e a manifestar as súas instrucións previas ao abeiro do establecido na Lei de Galicia 3/2001, do 28 de maio, e na Lei 3/2005, do 7 de marzo, de modificación da anterior, e nas disposicións concordantes.

Establecese igualmente o dereito a unha segunda opinión médica co obxectivo de fortalecer a relación médico-paciente e de complementar as posibilidades de atención sanitaria.

No artigo 12 da norma legal citada establece o dereito a obter unha garantía de demoras máximas, de xeito que determinadas prestacións sanitarias financiadas publicamente lles sexan dispensadas nuns prazos previamente definidos e coñecidos.

O texto do anteproxecto da un paso máis de cara a consolidar os dereitos recoñecidos aos usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, e con esa finalidade, establece un sistema de garantías que teñen como finalidade o cumprimento efectivo dos dereitos dos cidadáns.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

Neste senso, o artigo 16.2 da Lei de saúde de Galicia establece que as actuacións que se adopten no desenvolvemento dos dereitos e dos deberes sanitarios, serán dirixidas a:

a) Dispor das canles de información suficientes, adecuadas e comprensibles sobre os dereitos, os deberes e as garantías sanitarias.

b) Velar polo efectivo cumprimento dos dereitos e deberes e das garantías sanitarias segundo dispoñan as leis, as normas e os regulamentos que os desenvolvan, garantindo, ademais, a eliminación de calquera tipo de desigualdade.

Así mesmo, establece que os centros, servizos e establecementos e o seu persoal teñen a obriga de adoptar as medidas oportunas que garantiren os dereitos recoñecidos nela. As autoridades sanitarias proporcionaran información pública de cada área sobre indicadores de calidade dos servizos, coberturas de programas, listas de espera e eficiencia dos procesos so Sistema Público de Saúde de Galicia.

2)Marco Competencial.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no artigo 33.1 a competencia exclusiva do desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade exterior.

A Comunidade Autónoma de Galicia no uso das competencias atribuídas, aprobou a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, na que se establecen unha serie de dereitos e deberes dos usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia. O presente anteproxecto non supón unha derrogación senón un complemento sobre un o réxime vixente, no capítulo IV do Título I da Lei 8/2008, relativo ás garantías de dereitos e obrigas dos usuarios.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

Por tanto, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia para o desenvolvemento das garantías dos dereitos e deberes laborais do mesmo, para o exercicio do mesmo.

Trátase, por tanto de harmonizar a normativa sanitaria da Comunidade Autónoma, establecendo a regulación de dereito e garantías dos usuarios que teñen un maior alcance no exercicio dos dereitos polos cidadáns.

3) Estrutura e contido.

O anteproxecto de Lei conta na súa parte dispositiva con 32 artigos, divididos en seis capítulos, unha disposición transitoria, unha derrogatoria e cinco disposicións finais.

O capítulo I establece as disposicións xerais, nas que se inclúen o obxecto e ámbito de aplicación da norma, o alcance e os beneficiarios, ademais da definición dalgúns dos termos utilizados no articulado.

O capítulo II refírese aos tempos máximos de acceso e o sistema de garantías, no que se establecen os tempos máximos de espera, as situacións as que non se aplica o anteproxecto, e as causas de suspensión e perda da garantía.

No capítulo III establécese a garantía de libre elección de profesionais sanitarios (médicos de familia, pediatras e o persoal de enfermería), e, así mesmo, a libre elección de centro hospitalario.

A segunda opinión regulase no capítulo IV, no que se establecen ademais os supostos nos que se poderá solicitar unha segunda opinión, a regulación do procedemento para solicitar a segunda opinión e a garantía de atención clínica.

O capítulo V refírese ao dereito ao outorgamento de instrucións previas, e ás garantías de cumprimento e respecto polo persoal dos centros hospitalarios,

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

así como a formalización do documento no que se indiquen as instrucións e, o seu arquivo, no rexistro correspondente.

Por último, o capítulo VI refírese á información a facilitar aos usuarios. A sección primeira deste capítulo establece a garantía de información actualizada sobre os dereitos e deberes, a sección segunda as características do sistema de información, a sección terceira o informe anual que se presentará no Parlamento de Galicia e na cuarta e última, o sistema específico de información sobre tempos de acceso.

Na disposición transitoria única establecese que, en tanto, non se publique a normativa de desenvolvemento manterán a súa vixencia tanto o Decreto 104/2005, do 6 de maio, relativo ás garantías de tempos máximos de espera, como o Decreto 205/2007, do 27 de setembro, que regula a segunda opinión médica, coa finalidade de que non quede un "vacio normativo" nestas materias.

A disposición final segunda establece a autorización ao Consello da Xunta de Galicia para que en función da realidade económica existente en cada momento, ás necesidades dos usuarios e á evolución dos indicadores sociosanitarios de Galicia se actualicen os tempos máximo de acceso que se establecen no texto do anteproxecto.

A disposición adicional terceira establece o prazo de desenvolvemento do texto do anteproxecto, que é de seis meses, coa finalidade de que o novo sistema sexa totalmente operativo no presente ano.

Na disposición final cuarta, modifícanse dous artigos da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Concretamente o artigo 24, apartado 3, letra c) relativo á composición do Consello Galego de Saúde, para establecer que os nove vogais que corresponden á representación das organizacións sanitarias pertenzas ás que están presentes na mesa sectorial do Servizo Galego de Saúde.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

Modificase tamén o artigo 121 do mesmo texto legal, para incorporar como excepción de incompatibilidade dos postos de carácter directivo os derivados da docencia universitaria, nos termos establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro.

Por último, a disposición final quinta establece que a entrada en vigor da norma producirase aos dous meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia para posibilitar un período de coñecemento do texto por parte da cidadanía.

4) Tramitación do anteproxecto de Lei.

O anteproxecto de Lei tramitouse de conformidade co establecido no Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e, conforme ao procedemento establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os documentos que integran o expediente do anteproxecto de Lei son os seguintes:

a) Acordo de inicio de elaboración do texto, asinado pola titular da Consellería.

b) Memoria xustificativa da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

c) Memoria económico-financeira abreviada e complementaria da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

d) Aprobación inicial do anteproxecto pola titular da Consellería.

e) Publicación na páxina web "sergas.es" a efectos de información pública.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

f) Informe da subdirección de sistemas e tecnoloxías da información desta secretaría xeral técnica sobre o tempo de exposición pública e a falta de presentación de alegacións ao texto exposto.

g) Informe de impacto de xénero do 28 de febreiro de 2012.

h) Informe da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda..

i) Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

j) Informe da Asesoría Xurídica Xeral

k) Resolución motiva de audiencia por un prazo de 15 días hábiles. A comunicación para audiencia foi remitida aos catro colexios oficiais de médicos existentes en Galicia, aos catro colexios de farmacéuticos, aos catro colexios de enfermería, ao colexio de Fisioterapeutas de Galicia, ao Colexio de Psicoloxía de Galicia, a Real Academia de Farmacia de Galicia, a Asociación de Hospitais Privados de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, e aos sindicatos O´Mega, CESM, CIG Saúde, UGT, CC. OO., CSI-F, SATSE e SAE.

Durante o prazo de alegacións concedido presentaron alegacións as seguintes entidades: Colexio Oficial de Médicos de Ourense, Real Academia Galega de Farmacia, SATSE Sindicato de enfermería, Consello Galego de Enfermería, Colexio Oficial de Enfermería de A Coruña, Colexio Oficial de Enfermería de Lugo, Colexio Oficial de Enfermería de Ourense, Colexio Oficial de Diplomados en Enfermería de Pontevedra, Confederación de Empresarios de Galicia e a Asociación de Hospitais Privados de Galicia.

l) Informe sobre as alegacións presentadas durante a fase de audiencia e información pública.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

5) Alegacións presentadas e admitidas.

No informe sobre as alegacións presentadas durante a fase de audiencia e información pública realízase a contestación as alegacións, incorporándose ao texto as que foron aceptadas e que afectan aos artigos 5.2, 5.3, 6, 8.2, 9.1.f), 12.2 e 16.2 a).

II) Acerto e oportunidade.

A Lei 8/2008, de 10 de xullo, establece, entre os dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia, establece a facultade dos pacientes de recibir unha resposta sanitaria ao seu problema de saúde en tempo e forma, e que, é responsabilidade da Administración sanitaria conxugar o dereito do paciente coas necesidades de programación da asistencia médica, de forma que se garanta un acceso suficiente, permanente e universal, sen discriminación nin arbitrariedade, a unha gama equilibrada de tratamentos de elevada calidade.

Neste senso, o tempo de acceso ao Sistema Público de Saúde de Galicia debe conxugar, de acordo cos ditados da Unión Europea, a necesidade obxectiva do paciente en atención á situación do seu estado de saúde e á posible evolución da súa enfermidade, coa necesidade de facer un uso correcto e eficiente dos recursos existentes.

O obxectivo da Administración sanitaria non pode consistir unicamente en reducir o tempo global de acceso dos pacientes ao sistema, senón que, ademais, debe garantir que cada programación da atención sanitaria se realiza de forma personalizada atendendo á situación do proceso de enfermidade e ao contexto social de cada usuario.

Por iso, as estratexias de xestión do acceso dos pacientes deben estar baseadas na indicación establecida polo profesional sanitario, na priorización dos pacientes en

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

función da súa gravidade, na efectividade da atención sanitaria, así como no resultado previsible en cada intervención planificada.

A Administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia estima que é necesario establecer recomendacións para homoxeneizar os criterios de indicación de intervencións cirúrxicas, consultas e probas diagnósticas e terapéuticas, establecendo así mesmo novos sistemas de avaliación que permitan difundir os resultados da xestión sanitaria e desenvolvendo instrumentos que identifiquen prioridades de resolución en termos clínicos, sociais e funcionais.

E todo isto reforzado coa introdución de novos obxectivos nos acordos de xestión dos centros sanitarios que sexan vinculados a incentivos que permitan unha implicación maior, se cabe, dos profesionais da sanidade e cun sistema de garantías das prestacións que o anteproxecto establece para o caso de que o sistema sanitario non poida dar resposta adecuada nos tempos de acceso que se establecen.

Por outra parte, a garantía real da libre elección dos profesionais sanitarios (médicos de familia, pediatras e persoal de enfermería) representa un avance significativo respecto ao sistema actualmente vixente. Cuestión aparte é a libre elección dos centros hospitalarios para a atención dun proceso de enfermidade. Os pacientes van a poder elixir de entre o amplo abano de hospitais da Comunidade Autónoma aquel que teñan por preferencia, e isto representa unha das principais novidades do anteproxecto de Lei. É un paso mais da configuración do paciente como centro do sistema sanitario.

A segunda opinión médica e o libre outorgamento do documentos de instrucións previas, teñen a garantía de que se establece un procedemento rápido para a emisión do informe, o que supón unha mellora significativa para o paciente, por un lado na espera polo diagnostico e tamén pola diminución de prazos para o inicio do tratamento. Polo que se refire ao documento de instrucións previas amplíanse as posibilidade para o outorgamento do citado documento, de forma que todo cidadán que cumpra os requisitos establecido poda realizalo sen ter que acudir a un notario ou localizar a varias testemuñas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

Realizase unha mellora significativa da información que se facilitará aos pacientes, tanto no aspecto individual, de forma que poda coñecer en todo momento, cando ten a súa cita médica, como no aspecto de indicadores de tempo de acceso nos hospitais para poder exercer adecuadamente a libre elección do mesmo.

En conclusión, o anteproxecto de Lei cumpre cos requisitos de legalidade, tanto de carácter normativo como competencial, e resulta axustado ao ordenamento xurídico vixente. Por outro lado, é evidente que cumpre así mesmo cos requisitos de acerto e oportunidade para a aprobación da norma, resultando un avance significativo para os pacientes e usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2013.

O Secretario xeral técnico

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.